

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 27/11/2025(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

DONA MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

D. JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/11/2025, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 30 de outubro de 2025

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes outubro de 2025.

3. Aprobación provisional, se procede, da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo uso do aparcamento subterráneo municipal.

4. Aprobación inicial, se procede, de expediente de modificación orzamentaria por suplemento de crédito Nº 04/SC/2025 para aplicación parcial superavit 2024, con destino á redución de endebedamento neto - amortización préstamos.

5. Aprobación, se procede, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidade Asistencial de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal.

6. Aprobación, se procede, do incremento da subvención nominativa Cruz Roja 2025 – Albergue de Transeúntes (orzamento municipal 2025).

7. Aprobación, se procede, do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Universidade de Vigo, para a realización do proxecto do bosque – escola “Juan Manuel Pérez Eyré”.

8. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

9. Aprobación, se procede, da proposta da Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril, para que se inste á Xunta de Galicia ó arranxo e adecuación da Avda. Rosalía de Castro.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á reparación dos danos no CEIP Rosalía de Castro de Carril.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á toma de medidas de seguridade na intersección entre a PO-549 e as Rúas San Cibrán e Bouza de Abaixo.

12. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PP, relativa ao Plan de prevención de inundacións coa limpeza de cunetas, sumidoiros e reixas pluviais.

13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

15. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

16. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

17. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.

18. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais Dona Elsa Pérez Fernández e D. Fernando Pérez Quintela utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 30 DE OUTUBRO DE 2025.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 30 de outubro de 2025

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE OUTUBRO DE 2025: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal
- 1 Autorización adscrición novo vehículo a licenza taxi
- 4 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde
- 1 Creación proxecto de gasto Pacto Estado contra a violencia de xénero
- 3 Expediente de transferencia de crédito
- 1 Expediente de xeración de crédito
- 15 Levantamento de reparo de factura
- 1 Modificación proxecto de gasto Pacto de Estado contra a violencia de xénero
- 2 Recoñecemento de obriga
- 1 Certificado representación Tania García Sanmartín
- 1 Baixas por inscrición indebida Padrón de Habitantes
- 1 Celebración festas ao aire libre
- 5 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 12 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 4 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 2 Resolución sancionadora expediente sancionador de tráfico
- 1 Desguace vehículos
- 1 Delegación funcións Alcaldía
- 1 Excedencia voluntaria por incompatibilidade
- 1 Alegacións extemporaneas Orzamento
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 2 Nomeamento funcionario/a interino
- 1 Pagamento plan de pensións
- 3 Substitución posto de categoría superior
- 5 Personamento recurso contencioso administrativo
- 1 Avocación de competencias
- 1 Ampliación prazo licitación
- 2 Servizos mínimos folga SAF
- 2 Baixa rexistro municipal licenza tenza animais potencialmente perigosos

3 Inscripción rexistro municipal licenza tenza animais potencialmente perigosos
14 Estimatoria/desestimatoria rateo no IVTM
1 Desestimatoria ICIO
4 Estimatoria/desestimatoria IVTM
3 Estimatoria/desestimatoria IAE
8 Estimatoria liquidacións e baixas
3 Estimatoria/desestimatoria IBI
3 Estimatoria recibos
6 Estimatoria compensación de débedas
9 Estimatoria Pagos Duplicados
47 Estimatoria/desestimatoria alta taxas e prezos públicos
6 Estimatoria IIVTNU
87 Estimatoria/desestimatoria beneficios fiscais IVTM
83 Orde de Pago
1 Comisións bancarias
10 Deber de Conservación
8 Reposición da legalidade urbanística
2 Sancionador de rúidos
43 Comunicación previa obras menores
1 Ineficacia comunicación previa obras menores
1 Desistimento comunicación previa obras menores
28 Concesión licenza de obra menor
2 Concesión licenza de demolición
1 Concesión prórroga realización obras
1 Concesión licenza de segregación
6 Concesión de licenza de obra maior
2 Desestimación recurso de reposición denegación licenza de obras
8 Comunicación previa apertura de establecementos
2 Ineficacia comunicación previa apertura ou cambio de titularidade de establecementos
1 Arquivo comunicación previa apertura de establecemento
1 Renuncia comunicación previa cambio de titularidade de establecemento
1 Cesión terreos afectados por aliñacións
1 Concesión licenza para instalación terraza establecemento hostalería

TOTAL: 474

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Sendo as 17:10 horas, incorpórase á sesión D. Juan Andrés Bayón Rolo.

3.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL.- -.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Proposta de elaboración da Ordenanza fiscal NºII.18 reguladora da taxa polo uso do aparcamento subterráneo municipal

O artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que as Entidades locais terán autonomía para establecer e esixir tributos de acordo co previsto na lexislación do Estado reguladora das Facendas locais e nas Leis que diten as Comunidades

Autónomas nos supostos expresamente previstos naquela. A potestade regulamentaria das Entidades locais en materia tributaria exercerase a través de Ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios e de Ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección. Así mesmo, das Corporacións locais poderán emanar disposicións interpretativas e aclaratorias das mesmas. O artigo 20.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais indica que : “ As Entidades Locais, nos termos previstos nesta Lei poderán establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ós suxeitos pasivos...”.

O Concello de Vilagarcía de Arousa non conta na actualidade cunha ordenanza que regule a utilización de calquera aparcamento subterráneo construído no subsolo dunha praza ou vía pública e xestionados polo propio Concello, polo que propónse a elaboración da mesma.

Vistos os informes favorables de Tesourería e Secretaría, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a elaboración da Ordenanza fiscal NºII.18 reguladora da taxa polo uso do aparcamento subterráneo municipal, co seguinte teor literal:

“ORDENANZA FISCAL Nº II.18 REGULADORA DA TAXA POLO USO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL

Artigo1: Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa polo uso de aparcamentos subterráneos construídos no subsolo dunha praza ou vía pública e xestionados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 2: Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización de calquera aparcamento subterráneo construído no subsolo dunha praza ou vía pública e xestionados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 3: Suxeito pasivo

Están obrigados ao pago da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que utilicen calquera aparcamento subterráneo construído no subsolo dunha praza ou vía pública que sexa xestionado polo Concello de Vilagarcía de Arousa., sexan titulares dos vehículos ou non.

Artigo 4: Tarifas e cota tributaria

I.- Tarifa ordinaria:

Tempo de estacionamento	Importe (€)
Tarifa por minuto	0,013
Máximo por 24 h.	18,66

*Transcorridas as 24 horas continuarase computando o prezo como a partires da 1ª hora.

A cota a pagar será a resultante de multiplicar o número de minutos (ou fraccións) polo prezo de minuto correspondente segundo a táboa anterior e redondeando o resultado a dous decimais.

II.- Abonos periódicos.- Establécense abonos periódicos de carácter mensual e quincenal coas seguintes cotas:

Abonos	30 días	15 días
Abonos 24 horas	74,61	55,96
Abonos 12 horas	59,69	44,77
Abonos 24 horas motocicletas	37,31	
Abonos 24 horas bicicletas	14,92	
Abonos vixentes que, á entrada en vigor desta OF, teñan unha tarifa de 36 € e sexa personal en activo	37,31	

Artigo 5: Devindicación

1. A devindicación da taxa prodúcese no momento no que se acceda co vehículo ás instalacións

do aparcamento subterráneo.

2. No caso de usuarios que opten pola modalidade de abono mensual ou quincenal, a devindicación prodúcese o día 1 de cada mes natural, salvo no caso de nova solicitude, que se producirá no momento de efectuar a nova solicitude do abono.

Artigo 6: Abonos periódicos

1. Abono 24 horas e 24 horas motocicletas e bicicletas:

Horario: de 00,00 a 24,00 horas

Validez: Mes natural

2. Abono 12 horas:

Horario: De 8,00 horas a 20,00 horas ou de 7,00 horas a 19,00 horas

Validez: Mes natural de luns a domingo ou quincenas de luns a domingo

3. Abono vixentes que, á entrada en vigor desta OF, teñan unha tarifa de 36 € e sexa persoal en activo:

Horario: De 7,00 horas a 15,00 horas ou de 8,00 horas a 16,00 horas

Validez: Mes natural de luns a venres, con carácter xeral. Aplicarase outro horario coa mesma duración nos casos nos que o traballador teña quendas distintas

Artigo 7: Bonificacións

Gozarán dunha bonificación polo importe correspondente aos primeiros 60 minutos aqueles suxeitos pasivos que paguen a tarifa ordinaria e teñan o vehículo co cal estean a acceder ao estacionamento incluído no padrón do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Vilagarcía. A bonificación aplicarase unha única vez por vehículo e día.

Gozarán dunha bonificación polo importe correspondente aos primeiros 60 minutos aqueles suxeitos pasivos que paguen a tarifa ordinaria e efectúen compras nos establecementos adheridos á Asociación de Comerciantes Zona Aberta ou calquera outra coa que o Concello asine un convenio. A bonificación aplicarase nas condicións que se establezan no convenio que se asine ao respecto e será responsable da súa aplicación a Asociación, resolvendo calquera incidencia ou reclamación que se plantexe ao respecto.

Ningunha destas bonificacións será de aplicación aos abonos periódicos.

Artigo 8: Fianzas

Nos supostos de abonos periódicos, establecece unha fianza de 6 € pola entrega de tarxetas de acceso.

Artigo 9: Pagamento

1. O pagamento da taxa na tarifa ordinaria deberá realizarse directamente nos caixeiros habilitados ao efecto no propio aparcamento con anterioridade á retirada do vehículo. O pago poderá realizarse en metálico ou con tarxeta bancaria.

2. Os abonos periódicos xestionaranse a partir dun padrón mensual que se elaborará e aprobará na primeira quincena de cada mes. O período ordinario de pago será de 1 mes natural dende a súa aprobación. No momento da solicitude do abono, deberá efectuarse o pago anticipado do mesmo directamente nas propias instalacións do aparcamento mediante tarxeta bancaria. Ratearase o importe do abono en función dos días que resten no mes natural no que se solicite a alta.

3. O pagamento dos abonos periódicos deberá efectuarse mediante domiciliación bancaria, producíndose o cargo na primeira quincena de cada mes. Dita domiciliación estará activa ata que o interesado presente a baixa, a cal se deberá efectuar, dentro do mes natural anterior ao mes no que non se desexa continuar utilizando o servizo. De non cumprirse co anterior, deberá aboarse completo dito mes.

4. O desistimento ou falta de utilización do servizo no mes en curso non dará lugar á devolución da cota.

5. A falta de pago do recibo impedirá o acceso á instalación, dando lugar á baixa automática do mesmo así como á reclamación da débeda por vía de constrinximento.

6. As fianzas ás que se refire o artigo anterior abonaranse directamente nas propias instalacións do aparcamento, no momento da entrega da tarxeta.

Artigo 10: Normas de xestión

1. Os usuarios da tarifa ordinaria disporán dun tempo máximo de dez minutos para abandonar o aparcadoiro logo de ter aboado o importe correspondente.
2. Os abonados deberán acceder ao aparcadoiro mediante tarxeta magnética. Para a súa adquisición deberán depositar unha fianza. Esta tarxeta deberá manterse en boas condicións de uso, perdendo o importe da fianza no caso de desperfectos ou perda.
3. O estacionamento é rotatorio, polo que non haberá reserva/asignación de prazas, salvo no caso dos abonos periódicos e no caso dos titulares de dereito de cesión de uso existentes no momento da reversión e entrega ao concello do aparcamento.
4. Queda totalmente prohibido o subarrendamento. No caso de detectarse, anularase o abono e aplicarase a sanción que corresponda.
5. Aos efectos de aplicar a bonificación prevista no artigo 7, teranse en conta os vehículos que figuren no padrón do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica no momento da aprobación do mesmo. Aplicarase o beneficio durante 12 meses, a contar dende que transcorra un mes dende a aprobación do padrón.

Calquera modificación, erro ou omisión no padrón producirá efectos, no referente á aplicación do beneficio fiscal, unha vez transcorridos os 12 meses aos que se refire o parágrafo anterior.

Artigo 11: Lexislación aplicable

No que non estea previsto expresamente na presente Ordenanza, estarase ao establecido no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, na Ordenanza Nº IV.4 fiscal xeral, do Concello de Vilagarcía, e demais normativa que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira.- En tanto non se adquira e se atope funcionando plenamente o novo sistema de xestión do aparcamento subterráneo de Xoán XXIII non serán de aplicación as bonificacións previstas no artigo 7.

Segunda.- En tanto non se aprobe a ordenanza municipal reguladora do funcionamento do aparcamento subterráneo municipal, non se concederán novos abonos periódicos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da amentada Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da NºII.18 reguladora da taxa polo uso do aparcamento subterráneo municipal no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O alcalde,

Alberto Varela Paz

- O Sr. Fajardo Recouse indica que se debeu negociar cos grupos políticos municipais a Ordenanza e que presentará unha alegación no Pleno.

Non habendo mais intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan

favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo uso do aparcamento subterráneo municipal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (9) e doce abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal NºII.18 reguladora da taxa polo uso do aparcamento subterráneo municipal, co seguinte teor literal:

“ORDENANZA FISCAL Nº II.18 REGULADORA DA TAXA POLO USO DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO MUNICIPAL

Artigo1: Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa polo uso de aparcamentos subterráneos construídos no subsolo dunha praza ou vía pública e xestionados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 2: Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización de calquera aparcamento subterráneo construído no subsolo dunha praza ou vía pública e xestionados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 3: Suxeito pasivo

Están obrigados ao pago da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que utilicen calquera aparcamento subterráneo construído no subsolo dunha praza ou vía pública que sexa xestionado polo Concello de Vilagarcía de Arousa., sexan titulares dos vehículos ou non.

Artigo 4: Tarifas e cota tributaria

I.- Tarifa ordinaria:

Tempo de estacionamento	Importe (€)
Tarifa por minuto	0,013
Máximo por 24 h.	18,66

*Transcorridas as 24 horas continuarase computando o prezo como a partires da 1ª hora.

A cota a pagar será a resultante de multiplicar o número de minutos (ou fraccións) polo prezo de minuto correspondente segundo a táboa anterior e redondeando o resultado a dous decimais.

II.- Abonos periódicos.- Establécense abonos periódicos de carácter mensual e quincenal coas seguintes cotas:

Abonos	30 días	15 días
Abonos 24 horas	74,61	55,96
Abonos 12 horas	59,69	44,77
Abonos 24 horas motocicletas	37,31	
Abonos 24 horas bicicletas	14,92	
Abonos vixentes que, á entrada en vigor desta OF, teñan unha tarifa de 36 € e sexa personal en activo	37,31	

Artigo 5: Devindicación

1. A devindicación da taxa prodúcese no momento no que se acceda co vehículo ás instalacións do aparcamento subterráneo.

2. No caso de usuarios que opten pola modalidade de abono mensual ou quincenal, a devindicación prodúcese o día 1 de cada mes natural, salvo no caso de nova solicitude, que se producirá no momento de efectuar a nova solicitude do abono.

Artigo 6: Abonos periódicos

1. Abono 24 horas e 24 horas motocicletas e bicicletas:

Horario: de 00,00 a 24,00 horas

Validez: Mes natural

2. Abono 12 horas:

Horario: De 8,00 horas a 20,00 horas ou de 7,00 horas a 19,00 horas

Validez: Mes natural de luns a domingo ou quincenas de luns a domingo

3. Abono vixentes que, á entrada en vigor desta OF, teñan unha tarifa de 36 € e sexa persoal en activo:

Horario: De 7,00 horas a 15,00 horas ou de 8,00 horas a 16,00 horas

Validez: Mes natural de luns a venres, con carácter xeral. Aplicarase outro horario coa mesma duración nos casos nos que o traballador teña quendas distintas

Artigo 7: Bonificacións

Gozarán dunha bonificación polo importe correspondente aos primeiros 60 minutos aqueles suxeitos pasivos que paguen a tarifa ordinaria e teñan o vehículo co cal estean a acceder ao estacionamento incluído no padrón do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Vilagarcía. A bonificación aplicarase unha única vez por vehículo e día.

Gozarán dunha bonificación polo importe correspondente aos primeiros 60 minutos aqueles suxeitos pasivos que paguen a tarifa ordinaria e efectúen compras nos establecementos adheridos á Asociación de Comerciantes Zona Aberta ou calquera outra coa que o Concello asine un convenio. A bonificación aplicarase nas condicións que se establezan no convenio que se asine ao respecto e será responsable da súa aplicación a Asociación, resolvendo calquera incidencia ou reclamación que se plantexe ao respecto.

Ningunha destas bonificacións será de aplicación aos abonos periódicos.

Artigo 8: Fianzas

Nos supostos de abonos periódicos, establececese unha fianza de 6 € pola entrega de tarxetas de acceso.

Artigo 9: Pagamento

1. O pagamento da taxa na tarifa ordinaria deberá realizarse directamente nos caixeiros habilitados ao efecto no propio aparcamento con anterioridade á retirada do vehículo. O pago poderá realizarse en metálico ou con tarxeta bancaria.

2. Os abonos periódicos xestionaranse a partir dun padrón mensual que se elaborará e aprobará na primeira quincena de cada mes. O período ordinario de pago será de 1 mes natural dende a súa aprobación. No momento da solicitude do abono, deberá efectuarse o pago anticipado do mesmo directamente nas propias instalacións do aparcamento mediante tarxeta bancaria. Ratearase o importe do abono en función dos días que resten no mes natural no que se solicite a alta.

3. O pagamento dos abonos periódicos deberá efectuarse mediante domiciliación bancaria, producíndose o cargo na primeira quincena de cada mes. Dita domiciliación estará activa ata que o interesado presente a baixa, a cal se deberá efectuar, dentro do mes natural anterior ao mes no que non se desexa continuar utilizando o servizo. De non cumprirse co anterior, deberá aboarse completo dito mes.

4. O desistimento ou falta de utilización do servizo no mes en curso non dará lugar á devolución da cota.

5. A falta de pago do recibo impedirá o acceso á instalación, dando lugar á baixa automática do mesmo así como á reclamación da débeda por vía de constrinximento.

6. As fianzas ás que se refire o artigo anterior abonaranse directamente nas propias instalacións do aparcamento, no momento da entrega da tarxeta.

Artigo 10: Normas de xestión

1. Os usuarios da tarifa ordinaria disporán dun tempo máximo de dez minutos para abandonar o aparcadoiro logo de ter aboado o importe correspondente.

2. Os abonados deberán acceder ao aparcadoiro mediante tarxeta magnética. Para a súa adquisición deberán depositar unha fianza. Esta tarxeta deberá manterse en boas condicións de

uso, perdendo o importe da fianza no caso de desperfectos ou perda.

3. O estacionamento é rotatorio, polo que non haberá reserva/asignación de prazas, salvo no caso dos abonos periódicos e no caso dos titulares de dereito de cesión de uso existentes no momento da reversión e entrega ao concello do aparcamento.

4. Queda totalmente prohibido o subarrendamento. No caso de detectarse, anularase o abono e aplicarase a sanción que corresponda.

5. Aos efectos de aplicar a bonificación prevista no artigo 7, teranse en conta os vehículos que figuren no padrón do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica no momento da aprobación do mesmo. Aplicarase o beneficio durante 12 meses, a contar dende que transcorra un mes dende a aprobación do padrón.

Calquera modificación, erro ou omisión no padrón producirá efectos, no referente á aplicación do beneficio fiscal, unha vez transcorridos os 12 meses aos que se refire o parágrafo anterior.

Artigo 11: Lexislación aplicable

No que non estea previsto expresamente na presente Ordenanza, estarase ao establecido no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, na Ordenanza Nº IV.4 fiscal xeral, do Concello de Vilagarcía, e demais normativa que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- En tanto non se adquira e se atope funcionando plenamente o novo sistema de xestión do aparcamento subterráneo de Xoán XXIII non serán de aplicación as bonificacións previstas no artigo 7.

Segunda.- En tanto non se aprobe a ordenanza municipal reguladora do funcionamento do aparcamento subterráneo municipal, non se concederán novos abonos periódicos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da amentada Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da NºII.18 reguladora da taxa polo uso do aparcamento subterráneo municipal no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 04/SC/2025 PARA APLICACIÓN PARCIAL SUPERAVIT 2024, CON DESTINO Á REDUCCIÓN DE ENDEBEDAMENTO NETO - AMORTIZACIÓN PRÉSTAMOS.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 04/SC/2025

ANTECEDENTES

Visto que na liquidación do exercicio 2024 obtívose Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais con signo positivo, así como uns resultados de capacidade de financiamento en termos de estabilidade.

Coa liquidación do orzamento 2024 resultou un valor do RTGX por importe de 4.083.927,91€. O RTGX dispoñible actual é de 1.984.610,85€.

Así pois, có presente expediente de suplemento de crédito acométese a aplicación parcial do superávit 2024 para a amortización extraordinaria no ano 2025 de préstamos vixentes por un importe global de 1.461.509,63€, sendo as operacións que resultaría máis convinte amortizar pola súas condicións financeiras:

- Préstamo núm. 2018/1/094543 asinado con BANCO SABADELL o 23/07/2018 por importe de 1.130.000,00€, con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,31.

	Capital 18/11/2025	pendente a	Importe a anticipadamente	amortizar	Cota actual	Nova cota	Redución amortización orzamento 2026
094543	310.750,00€		310.750,00 €			0,00 €	113.000,00 €

- Préstamo núm. 2019/1/809510 asinado con BANCO SABADELL, SA o 14/11/2019 por importe de 550.000€ con un tipo de xuro fixo do 0,15%.

	Capital 18/11/2025	pendente a	Importe a anticipadamente	amortizar	Cota actual	Nova cota	Redución amortización orzamento 2026
809510	221.072,13 €		221.072,13 €			0,00€	54.958,30€

- Préstamo núm. 2020/1/21245 asinado con UNICAJA BANCO, SA o 02/10/2020 por importe de 1.700.000€ con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,25.

	Capital 18/11/2025	pendente a	Importe a anticipadamente	amortizar	Cota actual	Nova cota	Redución amortización orzamento 2026
21245	850.000,00 €		425.000,00 €			85.000,00€	85.000,00€

- Préstamo núm. 2022/1/978617 asinado con UNICAJA BANCO, SA o 22/09/2022 por importe de 850.000€ con un tipo de xuro de euribor a 3 meses máis 0,29.

	Capital 18/11/2025	pendente a	Importe a anticipadamente	amortizar	Cota actual	Nova cota	Redución amortización orzamento 2026
978617	504.687,50 €		504.687,50€			0,00€	106.250,00 €

Estas amortizacións extraordinarias implicarán a redución dos gastos financeiros para o exercicio 2026, reducindo estimativamente a ATA 2026 en concepto de cotas de amortización en 359.208,30€, e en consecuencia a débeda viva o volume de endebedamento, favorecendo o aumento do aforro neto.

Visto que na aplicación orzamentaria correspondente á Área de gasto 011 “Débeda Pública” do Orzamento vixente, non existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte á amortización anticipada por importe de 1.461.509,63€.

Visto o informe de Intervención favorable de data 18/11/2025 obrante no expediente INT/2025/000636.

Esta Alcaldía dacordo co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 32 da LOEOSF 2/2012, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 04/SC/2025, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
011-913 Débeda pública-amortización. préstamos	1.461.509,63€
TOTAL	1.461.509,63€

SEGUNDO: Os medios ou recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, son os seguintes:

Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en aplicación do Superávit 2024 de conformidade co disposto no artigo 32 da LOEOSF 2/2012:

SUBCONCEPTO DE INGRESO		IMPORTE
87000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	1.461.509,63€
TOTAL		1.461.509,63€

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de suplemento de crédito N°04/SC/2025, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, xa que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado dentro do exercicio 2025, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2025, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de suplemento de crédito N° 04/SC/2025 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

O ALCALDE,

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria por suplemento de crédito N° 04/SC/2025 para aplicación parcial superavit 2024, con destino á redución de endebedamento neto - amortización préstamos.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2) e dez votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente expediente de concesión de crédito extraordinario N° 04/SC/2025, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE
011-913	Débeda pública-amortización. préstamos	1.461.509,63€
TOTAL		1.461.509,63€

SEGUNDO: Os medios ou recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004, son os seguintes:

Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais, en aplicación do Superávit 2024 de conformidade co disposto no artigo 32 da LOEOSF 2/2012:

SUBCONCEPTO DE INGRESO		IMPORTE
87000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	1.461.509,63€
TOTAL		1.461.509,63€

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de suplemento de crédito N°04/SC/2025, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se

durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometerse coa presente modificacións orzamentaria, xa que o Superávit debe estar aplicado e cando menos autorizado dentro do exercicio 2025, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2025, de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de suplemento de crédito Nº 04/SC/2025 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE TRASPASO Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DOS SERVIZOS E MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS AFECTOS Á ATENCIÓN SANITARIA PRESTADA POLA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS (UADS) DE TITULARIDADE MUNICIPAL.-Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

ASUNTO: Acordo sobre o Traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia do servizo e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) de titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa.

ANTECEDENTES:

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 33. un e catro establece que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior e que poderá organizar e administrar, para tales fins e dentro do seu territorio, todos os servizos relacionados coa materia antes expresada e que exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de sanidade e Seguridade Social.

Por outra parte, a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece os principios aos que se deben acomodar as transferencias sanitarias ás comunidades autónomas e tamén, en particular, dos servizos e establecementos sanitarios dependentes das corporacións locais.

O artigo 205.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia prevé que as leis de Galicia que regulen os distintos sectores da acción pública preverán, de ser o caso, o correspondente traspaso dos medios e servizos persoais, técnicos e financeiros, a través da constitución dunha comisión sectorial.

O Decreto 133/1989, do 6 de xullo, creou a comisión mixta coas corporacións locais para o traspaso dos centros, servizos e establecementos sanitarios dependentes destas á Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo a súa composición, funcións e normas de funcionamento.

A comisión mixta prevista no citado Decreto, de conformidade co disposto no seu apartado 2, adoptou o acordo de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal existentes no territorio desta comunidade.

Na súa virtude quedarán traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, e asumidos por esta, os servizos e os medios persoais e materiais que se relacionan no acordo aprobado, así como os dereitos e deberes dimanantes de dito traspaso, nos termos e condicións recollidos naquel.

O traspaso dos medios persoais axustarase en todo caso ao establecido no Decreto 447/1996, do 26 de decembro, polo que se establecen as bases para a homologación e integración funcional do persoal transferido á Xunta de Galicia dos centros sanitarios das corporacións locais, do persoal pertencente ao Servizo Galego de Saúde con vínculo xurídico funcional dos corpos e escalas da Administración especial sanitaria e corpos xerais e doutro persoal con vínculo laboral fixo.

E quedan tamén englobados no traspaso aqueles contratos ou instrumentos de natureza semellante formalizados polas distintas corporacións municipais con anterioridade ao presente acordo, sempre e cando garden unha íntima conexión co obxecto do traspaso e sexan necesarios para garantir a continuidade dos servizos prestados polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias.

O dito acordo, de conformidade co apartado 2 do mencionado Decreto, ten carácter de proposta, precisando a aprobación do Consello da Xunta de Galicia e do órgano competente da Corporación Local correspondente.

Por todo elo, e de conformidade co establecido no artigo 22 letras f) e g) da “Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local”, veño a PROPOÑER ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o acordo-proposta da comisión mixta polo que se traspasan os servizos e os medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidade Asistencial de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, á Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos recollidos no dito acordo-proposta que se incorpora como Anexo I. O traspaso do servizo obxecto deste acordo á Comunidade Autónoma de Galicia, e en particular, os medios persoais e materiais serán efectivos a partir do 1 de xaneiro de 2026.

En Vilagarcía de Arousa a 18 de novembro de 2025.

O Alcalde-Presidente

D. Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidade Asistencial de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal, e polo tanto ditaminase favorablemente a aprobación da seguinte documentación:

- Borrador do Decreto de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios materiais e persoais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidade Asistencial de Drogodependencias de titularidade municipal.
- Acordo da Comisión Mixta para o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das Unidades Asistenciais de Drogodependencias de titularidade municipal.
- Anexo I: Persoal a traspasar: 11 funcionarias.
- Anexo II: Postos de traballo vacantes a traspasar: Non existen postos de traballo vacantes.
- Anexo III: Bens inmoables onde se desenvolve a actividade: A Comisión Permanente e posteriormente o Pleno da Corporación o día 29 de decembro de 1941 acordou ceder ao estado o terreo no que se asenta o edificio do Centro Secundario de Higiene Rural, desligándose a favor do Estado en todo o relacionado coa construción e propiedade do edificio.
- Anexo IV: Contratos formalizados polo Concello:
 - a) Equipamento e servizos informáticos.
 - b) Servizo de vixilancia e seguridade da instalación.
 - c) Servizo de mantemento do ascensor.
 - d) Limpeza das instalacións.
 - e) Sistema de alarma de intrusión e incendios
 - f) Mantemento sistemas de extinción de incendios (extintores).

- g) Outros subministros: luz, auga, gas..
- h) Obradoiro de cerámica.
- Anexo V: Inmobilizado material e intanxible.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o acordo-proposta da comisión mixta polo que se traspasan os servizos e os medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidade Asistencial de Drogodependencias (UADs) de titularidade municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, á Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos recollidos no dito acordo-proposta que se incorpora como Anexo I. O traspaso do servizo obxecto deste acordo á Comunidade Autónoma de Galicia, e en particular, os medios persoais e materiais serán efectivos a partir do 1 de xaneiro de 2026.

Aprobando polo tanto a seguinte documentación:

- Borrador do Decreto de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios materiais e persoais afectos á atención sanitaria prestada pola Unidade Asistencial de Drogodependencias de titularidade municipal.
- Acordo da Comisión Mixta para o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das Unidades Asistenciais de Drogodependencias de titularidade municipal.
- Anexo I: Persoal a traspasar: 11 funcionarias.
- Anexo II: Postos de traballo vacantes a traspasar: Non existen postos de traballo vacantes.
- Anexo III: Bens inmobles onde se desenvolve a actividade: A Comisión Permanente e posteriormente o Pleno da Corporación o día 29 de decembro de 1941 acordou ceder ao estado o terreo no que se asenta o edificio do Centro Secundario de Higiene Rural, desligándose a favor do Estado en todo o relacionado coa construción e propiedade do edificio (non procede a súa cesión).
- Anexo IV: Contratos formalizados polo Concello:
 - a) Equipamento e servizos informáticos.
 - b) Servizo de vixilancia e seguridade da instalación.
 - c) Servizo de mantemento do ascensor.
 - d) Limpeza das instalacións.
 - e) Sistema de alarma de intrusión e incendios
 - f) Mantemento sistemas de extinción de incendios (extintores).
 - g) Outros subministros: luz, auga, gas..
 - h) Obradoiro de cerámica.
- Anexo V: Inmobilizado material e intanxible.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CRUZ ROJA 2025 – ALBERGUE DE TRANSEÚNTES (ORZAMENTO MUNICIPAL 2025).- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 24 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Concelleira de Área de Servizos Sociais, do seguinte teor:

Cruz Vermella puxo en marcha o Albergue para transeúntes na súa sede en Vilagarcía, coa colaboración económica do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Asemblea Comarcal de O Salnés, desenvolvendo un traballo continuado coas persoas sen fogar dende o ano 1998: xestión de prazas de aloxamento, información, asesoramento e o acompañamento a persoas en

situación de exclusión social na atención en todas aquelas cuestións derivadas.

“O Albergue para persoas sen fogar é un recurso temporal, destinado a acoller a persoas en situación de emerxencia social, transeúntes e persoas sen fogar, proporcionándolles aloxamento por un período limitado de tempo, así como ofrecerlles unha atención especializada, o que permite no só unha melloría no seu estado físico-psíquico, senón tamén establecer relacións, sentirse membro dun colectivo e, en definitiva, integrarse na comunidade”; polo que se converte nun recurso esencial na nosa comunidade, coa colaboración dos Servizos Sociais Municipais.

O Concello de Vilagarcía de Arousa a través da subvención nominativa a esta entidade polo seu interese público, social e humanitario destina unha contía económica anual para “dar cobertura socioeducativa e de atención integral a persoas de especial vulnerabilidade vencelladas a situacións de exclusión social e emerxencia social-Albergue de transeúntes”.

Perante o ano 2025 asinouse un convenio por importe de 84.000,00 euros, se ben o mantemento deste dispositivo e a necesidade de traslado da súa ubicación e cambio no tipo de de xestión fan preciso o incremento desta contía.

Polo tanto, a Concelleira de área de Servizos Sociais, propón para a súa aprobación ante o Pleno da Corporación Local:

- Incrementar a subvención nominativa aprobada no orzamento municipal 2025 a Cruz Roja-albergue de transeúntes, pasando de 84.000,00 euros a 115.000,00 euros, supoñendo un incremento de 31.000,00 euros para garantir o mantemento do citado servizo.

Asimesmo figura no expediente un borrador de adenda ao convenio orixinal que deberá aprobarse posteriormente pola Xunta de Goberno Local.

Concelleira de área Servizos Sociais

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do incremento da subvención nominativa Cruz Roja 2025 - Albergue de Transeúntes (orzamento municipal 2025).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o incremento da subvención nominativa a Cruz Roja 2025-Albergue de Transeúntes, pasando de 84.000,00 euros a 115.000,00 euros, supoñendo un incremento de 31.000,00 euros para garantir o mantemento do citado servizo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DO BOSQUE – ESCOLA “JUAN MANUEL PÉREZ EYRÉ”.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 24 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta do Concelleiro de Medio Ambiente, do seguinte teor:

PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA COLABORACIÓN NA

REALIZACIÓN DO PROXECTO DO BOSQUE-ESCOLA “JUAN MANUEL PÉREZ EYRÉ”

PRIMEIRO. A Universidade de Vigo, de conformidade co artigo 1 dos Estatutos da UVigo, aprobados por Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, do Consello da Xunta de Galicia (DOG de 22 de febreiro de 2019), ten entre as súas funcións a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria, así como contribuír ao progreso e ao benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, á súa cultura e á súa lingua.

SEGUNDO. Recibido desta universidade borrador do texto de convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Universidade de Vigo para “a creación dun “Bosque escola” como forma de preservación de bosque atlántico de frondosas, no concepto de bosque antigo ou maduro e en memoria do profesor Juan Manuel Pérez Eyré para o cal terá una orientación tamén pedagóxica sendo un espazo que, sen humanizar, permita accións educativas relacionadas co coñecemento da vexetación e fauna galega. Este convenio ten un afán de “escalabilidade” de forma que se acade un modelo de xestión que poidan replicar outros concellos o entidades como formula de salvagarda do seu medio natural e na medida do posible autóctono”.

TERCEIRO. Visto que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do referido artigo.

Este mesmo artigo, no seu punto 2, indica que os municipios teñen competencias propias na materia de “Medio ambiente urbano” (apartado b). No mesmo senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

CUARTO. Visto que o concello de Vilagarcía vén desenvolvendo, dende fai anos, actuacións aliñadas co seu compromiso de fomento da educación ambiental e a preservación da biodiversidade.

QUINTO. Tendo en conta que, por tanto, o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Universidade de Vigo comparten os obxectivos orientados á potenciar o coñecemento da cidadanía en relación coa sostibilidade e a educación ambiental en prol do benestar xeral.

SEXTO. De conformidade co texto remitido pola Universidade de Vigo o obxectivo deste convenio é establecer as condicións para a realización do Bosque-escola “Juan Manuel Pérez Eyré” na parcela de titularidade municipal de 5 hectáreas non urbanizadas e coñecidas como “Pinar do Rei”.

SÉTIMO. A cláusula segunda do texto do convenio establece os seguintes compromisos do concello de Vilagarcía de Arousa:

“Por parte de Concello de Vilagarcía de Arousa :

- “Respectar o criterio técnico na rexeneración do espazo que marque o Equipo de Investigación da Universidade de Vigo. O Concello tamén poderá contribuír ca súa mellor opinión técnica para intentar, no posible, acadar unha estratexia consensuada entre ambas dúas entidades.
- Colaborar, na medida do posible, con medios propios ou financiación no proxecto de rexeneración e educación en valores medioambientais
- Explorar a posibilidade de incorporar novas parcelas para consolidar unha extensión máis idónea para replicar un bosque atlántico de frondosas como ecosistema integral.
- Buscar a máxima e permanente protección xurídico medioambiental, nomeadamente a consideración de ENIL promovido polo equipo da Universidade de Vigo.
- Ofrecer o espazo á comunidade educativa de Vilagarcía para actividades de educación en valores medioambientais.
- Anunciar as accións sobre o espazo sen caer na sobreexposición mediática, cunha exposición mesurada evitando o “greenwashing”, comunicando no posible, ao equipo de investigación as súas accións comunicativas ao respecto ou intervencións no espazo ou nos espazos colindantes.
- Comunicar ao Equipo de Investigación da Universidade de Vigo actuacións ou eventos

que se vaian desenvolver no espazo, respectando a idea de non humanizar o espazo e mantelo no posible como espazo de tranquilidade e rexeneración da natureza orixinaria da zona, reducindo no posible o impacto humano que deberá ser mesurado en relación ao desenvolvemento do espazo natural.

- Facer unha aportación económica de 4.000 euros por cada exercicio, con cargo á partida orzamentaria 1720-489, segundo a distribución estipulada na cláusula terceira. Esta aportación está condicionada a que exista crédito adecuado e suficiente nos correspondentes exercicios orzamentarios.”

OCTAVO. Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria Xeral, con data 7 de novembro de 2025.

NOVENO. Tendo en conta que o convenio terá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2026 e que debe contar coa previa dispoñibilidade de crédito.

Visto o anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobado o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Universidade de Vigo para a realización do proxecto Bosque-escola “Juan Manuel Pérez Eyré”.

2.- Autorizar o gasto referente á aportación municipal do concello que figura no convenio de colaboración, por un importe de 16.000€, sendo a aportación económica de 4.000€/ano, durante un total de 4 exercicios (2026-2029), con cargo á partida 1720-489. Esta aportación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes exercicios orzamentarios.

3.- Remitir o acordo de aprobación á Universidade de Vigo.

4.- Facultar ao Sr. Alcalde para levar a cabo todos os trámites necesarios para continuar a tramitación do citado convenio de colaboración e, nomeadamente, a sinatura do mesmo unha vez aprobado o texto.

O concelleiro de Medio Ambiente

Diego García Santiago

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Universidade de Vigo, para a realización do proxecto do bosque – escola “Juan Manuel Pérez Eyré”.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

1.- Aprobado o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Universidade de Vigo para a realización do proxecto Bosque-escola “Juan Manuel Pérez Eyré”.

2.- Autorizar o gasto referente á aportación municipal do concello que figura no convenio de colaboración, por un importe de 16.000€, sendo a aportación económica de 4.000€/ano, durante un total de 4 exercicios (2026-2029), con cargo á partida 1720-489. Esta aportación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes exercicios orzamentarios.

3.- Remitir o acordo de aprobación á Universidade de Vigo.

4.- Facultar ao Sr. Alcalde para levar a cabo todos os trámites necesarios para continuar a tramitación do citado convenio de colaboración e, nomeadamente, a sinatura do mesmo unha vez aprobado o texto.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=7>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:
Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.
Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- D. Iago Alberte Carril Hierro, en representación de Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril en relación co asunto que figura co nº 9 da orde do día da sesión Plenaria.

Non asiste o Sr. Carril Hierro, polo que non se produce a intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=8>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS AFOGHACRISTOS DE CARRIL, PARA QUE SE INSTÉ Á XUNTA DE GALICIA Ó ARRANXO E ADECUACIÓN DA AVDA. ROSALÍA DE CASTRO.- Retírase o presente asunto da sesión plenaria, quedando o seu debate para a próxima sesión plenaria ordinaria.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=9>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á REPARACIÓN DOS DANOS NO CEIP ROSALÍA DE CASTRO DE CARRIL.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 24 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 18 de novembro de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á REPARACIÓN DOS DANOS DO CEIP ROSALÍA DE CASTRO DE CARRIL

Don Francisco Javier Rodríguez Paz, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O CEIP Rosalía de Castro de Carril vén de celebrar recentemente os seus 50 anos de historia. 50 anos que para calquera edificación non pasan en balde, polo que é necesario un mantemento periódico e obras puntuais para garantir a súa seguridade e confortabilidade.

O caso do centro que nos ocupa non é unha excepción. Recentes acontecementos veñen demostrar a falla de atención ao edificio. En concreto, un alumno tivo que ser atendido de urxencia por unha caída que lle provocou un golpe na cabeza, por sorte sen gravidade, debido ao estado do chan dos patios interiores do colexio.

Os canalóns que dan a un dos patios interiores presentan un evidente deterioro, de maneira que xa non é que se produzan goteiras, senón que chove literalmente dentro do mesmo. Ademais, ditos patios contan cun firme con pedra rodada que provoca que se esvare continuamente co risco que isto supón tanto para profesorado coma para alumnado ou para calquera persoa que acceda as instalacións. Dende o centro educativo solicitouse en diferentes ocasións que se procedese a cubrilo de formigón ou un pavimento máis axeitado, sen que se atendese a súa demanda.

A maiores o edificio presenta tamén goteiras noutros puntos usados a diario polas crianzas, coma son a aula de Psicomotricidade ou a Biblioteca.

A todo isto, hai que sumarlle a necesidade dun cambio da carpintería metálica, que o centro leva tamén anos demandando e que provoca continuas correntes coas consecuencias que iso implica para a saúde das nosas fillas e fillos así coma un despilfarro enerxético ao non conservar o calor no outono e no inverno.

Dende o BNG temos claro que non se pode xogar coa seguridade e a saúde das nosas crianzas, e que a actividade diaria coma é a dun centro de ensino, debe levarse a cabo coa maior seguridade e prevención de riscos posíbeis. É responsabilidade da administración polo tanto, facer que isto se cumpra.

Por todo iso, é polo que dende o Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía solicitamos do pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

- Instar ao Concello de Vilagarcía e a Consellería de Educación para, conxuntamente, solucionar a problemática do CEIP Rosalía de Castro levando a cabo as actuacións que fosen precisas:
- Substitución dos canalóns do CEIP Rosalía de Castro danados, así como revisión do resto co fin de reemprazar aqueles que se atopen deteriorados.
- Substitucións do actual firme dos patios interiores por unha solución máis acaida.
- Cambio da carpintería de aluminio.
- Reparación das goteiras existentes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á reparación dos danos no CEIP Rosalía de Castro de Carril.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e instar ao Concello de Vilagarcía e a Consellería de Educación para, conxuntamente, solucionar a problemática do CEIP Rosalía de Castro levando a cabo as actuacións que fosen precisas:

- Substitución dos canalóns do CEIP Rosalía de Castro danados, así como revisión do resto co fin de reemprazar aqueles que se atopen deteriorados.

- Substitucións do actual firme dos patios interiores por unha solución máis acaida.
- Cambio da carpintería de aluminio.
- Reparación das goteiras existentes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á TOMA DE MEDIDAS DE SEGURIDADE NA INTERSECCIÓN ENTRE A PO-549 E AS RÚAS SAN CIBRÁN E BOUZA DE ABAIXO. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 24 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 19 de novembro de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á TOMA DE MEDIDAS DE SEGURIDADE NA INTERSECCIÓN ENTRE A PO-549 E AS RÚAS SAN CIBRÁN E BOUZA DE ABAIXO

A PO-549 ao seu paso pola Avenida de Cambados constitúe unha das principais entradas e saídas da nosa cidade, sendo numeroso o tráfico rodado que a diario circula por ela. Dada a súa lonxitude, son numerosas as interseccións que ao longo da mesma se producen con diferentes viais que conflúen nela a ambas marxes da estrada.

A altura de onde antigamente se atopaba o Restaurante Chocolate, prodúcese unha intersección entre a rúa Bouza de Abaixo, a PO-549 e a rúa San Cibrán. Actualmente, as medidas de sinalización e regulación do tráfico existentes na zona resultan insuficientes, provocando que a visibilidade á hora de incorporarse dende a Rúa Bouza de abaixo á PO549 sexa escasa, sendo preciso colocarse enriba do paso de peóns para ver se pode accederse á mesma.

O mesmo acontece cando dende a Rúa San Cibrán se incorporan á PO549, xa que unicamente poden facelo en dirección a Vilagarcía, tendo que chegar ata a rotonda na que conflúe a rúa Pablo Picasso e a Avda. de Cambados para poder facer un cambio de sentido.

Tendo en conta que dita rotonda está considerada un dos puntos negros do tráfico do noso concello debido á conxestión que normalmente presenta, entendemos que é preciso tomar medidas que supoñan aliviar a presenza de vehículos nese punto, e non precisamente sobrecargalo cunha maior afluencia.

Ante a demanda da veciñanza e das persoas que frecuentemente utilizan ditos viais, e tendo en conta a proximidade de zonas de lecer infantil, así coma de paradas de autobús e menores que circulan pola zona para acudir ao seu centro de ensino, coidamos que é preciso levar a cabo un estudo da zona e que se tomen as medidas oportunas para garantir a seguridade nese tramo da estrada, tanto do tráfico rodado como a pé.

Por todo iso, é polo que dende o Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía solicitamos do pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Instar á Xunta de Galiza, titular do tramo da PO- 549 ao que fai referencia a moción, a que tome as medidas máis acaidas (semáforos, rotonda ou o que os técnicos ditaminen no seu momento) para solucionar os problemas de seguridade, viabilidade e visibilidade na intersección da mesma coas rúas San Cibrán e Bouza de Abaixo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PsdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno

e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á toma de medidas de seguridade na intersección entre a PO-549 e as Rúas San Cibrán e Bouza de Abaixo.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1), e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1.- Instar á Xunta de Galiza, titular do tramo da PO- 549 ao que fai referencia a moción, a que tome as medidas máis acaídas (semáforos, rotonda ou o que os técnicos ditaminen no seu momento) para solucionar os problemas de seguridade, viabilidade e visibilidade na intersección da mesma coas rúas San Cibrán e Bouza de Abaixo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, RELATIVA AO PLAN DE PREVENCIÓN DE INUNDACIÓNS COA LIMPEZA DE CUNETAS, SUMIDOIROS E REIXAS PLUVIAIS.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 24 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 18 de novembro de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de novembro de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“Plan de prevención de inundacións coa limpeza cunetas, sumidoiros e reixas pluviais”

EXPOÑEN

A chegada das choivas intensas soen provocar inundación en determinadas rúas da nosa vila, coas graves consecuencias que iso conleva para os veciños e para os negocios de Vilagarcía, como así se está vendo nas últimas datas.

Este aumento nas precipitacións, provoca que as rúas se acaben inundando se as nosas canalizacións non están correctamente limpas e preparadas para que a auga flúa.

Os episodios de inundacións son constantes na nosa vila. A pesar das demandas veciñais e das reclamacións desta formación, nos últimos anos, seguimos sufrindo as mesmas consecuencias. Deixando en evidencia as eivas que sofre Vilagarcía en materia de mantemento e infraestruturas. De feito, as dúas últimas obras estrenadas por este goberno local non fixeron máis que acrecentar estes problemas como así quedou demostrado. Coas primeiras choivas, Clara Campoamor e o Skatepark quedaron totalmente inundados.

En previsión a esta situación, dende o grupo municipal do Partido Popular consideramos esencial que limpen todas as cunetas, sumidoiros e reixas de pluviais. A limpeza de todas estas canalizacións é vital para favorecer a fluidez da auga e influír o menos posible en que se provoquen inundacións ou calquera outro problema.

Dado que a evidencia científica amosa que este tipo de episodios de precipitacións produciranse cada vez con maior frecuencia, intensidade e impredecibilidade e tendo en conta ademais que Vilagarcía xa de por si presenta unhas características topográficas que aumentan o risco de sufrir

inundacións, consideramos necesario e prioritario que o Concello actúe para minimizar na medida do posible os efectos desta problemática.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA

1. Que se limpen todas as reixas de pluviais, sumidoiros, cunetas ou outro tipos de canalizacións cuxa falta de limpeza poidan aumentar o risco de inundacións.
2. Que se estuden as condicións urbanísticas das zonas que presentan potencial risco de inundación en todo o termo municipal de Vilagarcía de cara a acometer as actuacións que deben ser levadas a cabo para atallar esta problemática.
3. Que se tomen as medidas necesarias para evitar ás inundacións provocadas polos pasos elevados.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PP, relativa ao Plan de prevención de inundacións coa limpeza de cunetas, sumidoiros e reixas pluviais.

- Sendo as 19:36 horas auséntase da sesión o Sr. Interventor Municipal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1), e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Que se limpen todas as reixas de pluviais, sumidoiros, cunetas ou outro tipos de canalizacións cuxa falta de limpeza poidan aumentar o risco de inundacións.
2. Que se estuden as condicións urbanísticas das zonas que presentan potencial risco de inundación en todo o termo municipal de Vilagarcía de cara a acometer as actuacións que deben ser levadas a cabo para atallar esta problemática.
3. Que se tomen as medidas necesarias para evitar ás inundacións provocadas polos pasos elevados.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓN DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Non se presentaron.

- Sendo as 20:00 horas, auséntase da sesión D. David Higinio Oliveira Barreiro.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- RESPOSTA DOS/AS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Non asiste público neste asunto.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20251127&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:10, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.